

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación, mediante o procedemento aberto oferta economicamente mais ventaxosa, con único criterio de adxudicación (factor prezo), e trámite de urxencia da subministración denominada:

"SUBMINISTRACIÓN DE MODULOS PREFABRICADOS PARA FORMACIÓN DE RECINTOS DE ILLAS DE SUPERFICIE DE COLECTORES DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS"

1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. - O presente contrato ten por obxecto a subministración de módulos prefabricados para formación de recintos de illas de superficie de colectores de residuos sólidos urbanos.

A descrición e especificacións establécense no prego de cláusulas técnicas, incorporadas a este prego como parte integrante deste. A subministración axustarase ás condicións establecidas neste prego e no de prescricións técnicas. Os bens a submistrar non poderán ser bens de segunda man.

No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, prevalecerá o primeiro.

Codificación do obxecto do contrato:

O código que corresponde ao contrato dentro da nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos (CPV) é o seguinte: **31731100-0 Módulos.**

Non se admitirá a oferta de bens usados ou de segunda man.

No presente contrato non se admiten variantes.

1.2. - Delimitación do contrato

Para os efectos do presente prego e do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF, en diante), este contrato non está suxeito á regulación harmonizada, de acordo co que dispón o art. 15 da TRLCSF.

1.3. - Órgano de contratación

O órgano de contratación é a Alcaldía do Concello, en virtude do disposto na disposición adicional segunda da TRLCSF, tendo delegada a competencia na Xunta de Goberno Local segundo establece a Resolución da alcaldía 751/2011, e se difundirá a través de Internet o seu perfil de contratante no que poderá engadir calquera dato e información referente á súa actividade contractual que se mencionan no artigo 53 da TRLCSF.

1.4. - Natureza xurídica

Este contrato ten natureza administrativa como contrato de subministración, dacordo co disposto nos artigos 9 e 290 do TRLCSF

1.5. - Normativa aplicable ó contrato

A normativa aplicable ao procedemento de formación e de aprobación do expediente, á licitación, adxudicación, formalización e execución deste contrato administrativo, ademais das súas prescricións, será a seguinte:

1. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares e a normativa sectorial específica á que estes se remitan por razón da materia en cada caso.
2. O Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público
3. O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RGLCAP)
4. A Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten; así como a normativa autonómica de desenvolvemento que, no marco que fixa aquela, estea en vigor.
5. Os acordos e as resolucións sobre o réxime de atribución de competencias, as bases

de execución do orzamento municipal e as ordenanzas e os regulamentos da corporación.

6. A Lei estatal 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAPPAC), as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten, así como a normativa autonómica que se aprobe no marco que establece aquela.

En todo o que non prevén as anteriores normas, serán aplicables o resto de normas de Dereito Administrativo e, en último termo, as de Dereito Privado.

2. ORZAMENTO LICITACIÓN

2.1.- O orzamento estimado do presente contrato é de 33.057,85.- €, máis o 21% IVE que supón 6.942,15 €, o que fai un importe total de 40.000.- €.

2.2. - Na contratación destas subministracións entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro destas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego (anexo 1).

2.3. - FINANCIAMENTO

Para atender as obrigas derivadas do presente contrato, existe crédito suficiente no vixente orzamento na partida **162.62520**.

3. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede.

4. FORMA E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante un procedemento aberto, oferta máis vantaxosa con único criterio de adxudicación (factor prezo) e **trámite de urxencia**.

5. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

As persoas interesadas poderán consultar e obter unha copia dos pregos e demais documentación técnica no perfil do contratante do Concello de Ames: www.concellodeames.org

7. ACREDITACION DA APTITUD PARA CONTRATAR

Poderán presentar ofertas, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.1 A capacidade de obrar dos empresarios se acreditará:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente dacordo ca lexislación do estado onde están establecidos, o mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan reglamentariamente, dacordo cas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios extranxeiros, con informe da Misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7.2 A proba por parte dos empresarios da non concurrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poda ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esté prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial.

7.3. A solvencia do empresario:

1) **A solvencia económica e financeira:** os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira de acordo co establecido no artigo 75.1, apartado a) do TRLCSP,

mediante unha declaración do volume anual de negocios do ano natural anterior, debendo ascender este a unha contía mínima de 1,5 veces o valor estimado anual do contrato, IVE excluído. Asimesmo tamén se poderá acreditar, de ser o caso, de acordo co establecido no artigo 65.1 do TRLCSP. do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

2) **A solvencia técnica:** A solvencia técnica acreditarase según o establecido no artigo 77.1, apartado a) do TRLCSP, mediante unha relación dos principais subministros efectuados durante os últimos cinco anos indicando o seu importe, datas e destinatario, público ou privado dos mesmos, debendo ascender o importe anual dos subministros efectuados (idénticos ou similares) a unha contía mínima igual ou superior a metade do valor estimado anual do presente contrato. Así mesmo tamén se poderá acreditar, de ser o caso, de acordo co establecido no artigo 65.1 do TRLCSP.

8. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

8.1. O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP)

8.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet por medio da páxina web: www.concellodeames.org

9. PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC) dentro do prazo dos oito días naturais que empezarán desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP ou no perfil de contratante (art. 159 do TRLCSP), de nove a catorce horas e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en sábado, domingo ou festivo; prorrogarase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP, e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama o fax (981.884.656) no mesmo día. Consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concurrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego.

10) PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN

10.1. -SOBRE A: subtítulo "Documentación administrativa"

Unha declaración responsable asinada polo licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración de acordo co estipulado no artigo 146.4 do TRLCSP, así como cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional establecidos no presente prego. Posteriormente o licitador a cuxo favor recaiga a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

Se presentará conforme o seguinte modelo:

Modelo declaración responsable para licitar:

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adjudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración
2. Que en relación co expediente cumpre cos requisitos de solvencia esixidos nos pregos
3. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adjudicación, e no prazo conferido ao efecto.

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP

10.2. SOBRE B: Subtitulado "proposición económica e prazo de garantía".

Se presentará conforme ó seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, c/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, enterado do expediente para a contratación da **SUBMINISTRACIÓN DE MODULOS PREFABRICADOS PARA FORMACIÓN DE RECINTOS DE ILLAS DE SUPERFICIE DE COLECTORES DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS** por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, con único criterio de adjudicación (factor prezo), anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* n.º _____, de data _____, e no Perfil de Contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base ó contrato e o acepto integramente, comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ó Imposto sobre o Valor engadido.

Asimesmo oferta un prazo de garantía en tanto en pezas e man de obra para os devanditos módulos de _____ anos.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Confidencialidade. - Os licitadores enumerarán de modo expreso e claro aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben de ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos

presentados merece aquela reserva polo seu contido.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses que contarán desde a apertura das proposicións.

11. GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Garantía provisional: En consonancia co disposto no art. 103 da TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva: O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban ter efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, levado a cabo na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento do TRLCSP, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

12. DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS

12.1. - Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou polo funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

12.2. - Devolución da documentación. - A documentación presentada polas empresas que non resultasen adxudicatarias poderá ser retirada por estas unha vez transcorridos tres meses naturais contados desde o día seguinte á notificación da resolución da adxudicación definitiva ás persoas participantes e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpuxesen reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa.

Unha vez transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da que non fose retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre esta.

13. IDIOMA

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non o facer así, teranse como non postos. Consideraranse documentos incorrixeis e non poderán ser obxecto de valoración.

14. APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

14.1. - Apertura e valoración das ofertas

14.1.1. - Mesa de Contratación

Competará á Mesa de Contratación a apertura e a valoración das ofertas presentadas; e a composición da mesma designarase mediante acordo do órgano de contratación.

14.1.2. - Fases

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 160 da TRLCSP.

14.1.3. - Procedemento:

Para estes efectos, previa a apertura do sobre b, en acto público que celebrárase no lugar e día que se sinala no taboleiro de anuncios do concello ou do perfil do contratante con dous días de antelación á celebración da mesma, a Mesa de Contratación procederá previamente á apertura da documentación presentada no sobre "A" .

O presidente manifestará o resultado da cualificación da documentación administrativa presentada, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación a Mesa procederá á apertura e á valoración posterior da documentación que contén o sobres "B" presentados polos licitadores admitidos, podendo suspenderse a Mesa polo tempo necesario para tal efecto.

14.2 Rexeitamento de proposicións

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

Aqueles licitadores que presentasen documentación con deficiencias corrixibles, concederáselles un prazo de tres días hábiles para que as corrixan. A falta de corrección dentro do prazo concedido ou a corrección incompleta dos defectos observados dará lugar ao rexeitamento da proposición. O requirimento da emenda farase mediante a remisión dun fax ao número achegado polo adxudicatario ou mediante a publicación dun edicto no taboleiro de anuncios do Concello.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

-No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores/as discapacitados/as (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na disposición adicional 4 da TRLCSP.

14.4 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da subministración, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e a execución da subministración, f) a recepción etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas que se causasen á Administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

No caso de que a Administración non acordase a adxudicación nos prazos sinalados, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 161.4 da TRLCSP.

15. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

1 O órgano de contratación conforme ó artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decreciente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no

prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cuantos informes técnicos estime pertinentes.

2. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do **prazo de 5 días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

3. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

4. A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e publicarase, ao mesmo tempo, no perfil do contratante.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.

b) respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.

c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións. O prazo para considerar rexeitada a notificación será de cinco días.

16. PUBLICACIÓN DA FORMALIZACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato terá a publicidade prevista no artigo 154 do TRLCSP e formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público e no mais tarde dos quince días hábiles seguintes a aquél no que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no TRLCSP.

Cando por causas imputables ó adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que no seu caso se houbese esixido.

Serán de conta do adxudicatario ou adxudicatarios, se é o caso, os gastos derivados da formalización do contrato, incluídos os tributos e todos os demais esixibles polas disposicións vixentes ou gastos que orixine a adxudicación.

Sen o requisito da formalización non se tramitará ningunha certificación de aboamento ao contratista, nin poderá iniciarse a execución do contrato, agás nos expedientes de contratación declarados de urxencia, cuxa execución poderá iniciarse, logo da constitución da garantía definitiva, segundo o previsto no art.112 da TRLCSP.

No suposto de que o contratista opte por formalizar o contrato en documento público notarial, correrán da súa conta todos os gastos que orixine tal formalización.

O documento de formalización do contrato, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, terá natureza contractual.

17. GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

Serán por conta do adxudicatario os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación e os derivados da formalización do contrato, así como calesquera outros que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

18. RESPONSABLE DO CONTRATO

18.1. - Se nomea conforme ó artigo 52 do TRLCSP como responsable do contrato a **D^a M^a Victoria Arufe Vazquez, responsable garda ambiental da concellería de medio ambiente**, á que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

18.2. - Facultades do responsable do contrato. -

O responsable do contrato poderá dirixir instrucións ao contratista, inspeccionar e ser informado, cando o solicite, sobre o proceso de execución do contrato.

No caso de que considerase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, daranse ao contratista as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados constando o prazo para emendalas e as observacións que se consideren oportunas.

Se existise unha reclamación do contratista respecto das observacións formuladas polo responsable do contrato, este remitiraa, xunto co seu informe, ao órgano de contratación que resolverá sobre o particular.

19. LEXISLACIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL

19.1. - O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

19.2. - Obrigas laborais e sociais. - O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. O devandito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo o Concello de Ames contratante alleo ás devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo.

O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, a substituír o persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

20. FISCALIDADE, PROTECCIÓN DO EMPREGO E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O contratista deberá observar as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

21. RESPONSABILIDADE. DANOS

21.1. - O contrato executarase con sometemento ao establecido no seu clausurado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica da subministración realizada, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

21.2. - Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, pola súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro de ano seguinte á produción do feito, ó órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia da mala execución do contrato.

En todo caso, para a determinación das responsabilidades e posibles indemnizacións estarase ao disposto no artigo 214 da TRLCSP.

22. LUGAR DE ENTREGA

O adxudicatario deberá entregar os bens no lugar que indique o responsable do contrato antes da súa execución.

A Administración resérvase a facultade de modificar o lugar e o programa de entrega en razón das súas necesidades e notificando esta circunstancias expresamente á empresa adxudicataria.

Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convido serán de conta do contratista.

23. PRAZO DE ENTREGA DOS BENS.

O prazo de entrega e instalación da totalidade dos bens será de **20 días naturais**, que contarán desde a formalización do contrato administrativo de subministración dos bens.

En consecuencia o adxudicatario estará obrigado a entregar os bens, no tempo e lugar fixados no contrato e de acordo co disposto no presente prego.

O adxudicatario estará obrigado a notificar por escrito ao responsable do contrato, debéndose recibir cunha antelación mínima de 48 horas (podendo utilizar o fax), o día e a hora de entrega previstos, non sendo responsable o Concello de Ames da custodia dos bens nin dos vicios ou defectos que tiveren motivada pola súa entrega sen aviso previo.

A demora do adxudicatario non requirirá a intimación previa pola Administración.

Calquera que sexa o tipo de subministracións, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados aos bens antes da súa entrega á Administración.

Dentro do prazo máximo dun mes que contará desde a entrega dos bens, deberá formalizarse a correspondente acta de recepción.

24. BENS DE CALIDADE DEFECTUOSA

O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministrados e das faltas que houbera.

Cando os bens non se achen en estado de ser recibidos, farase constar así en documento para o efecto, para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a unha nova subministración, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato.

25. FORMACIÓN DO PERSOAL E MANUAIS DE FUNCIONAMENTO

O adxudicatario deberá entregar documentación, instrucións e información suficiente e sen que isto supoña custo adicional a esta.

Así mesmo, o adxudicatario estará obrigado a proporcionar á Administración os manuais de funcionamento dos bens subministrados.

26. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

26.1. - Dereito ao aboamento da subministración que realmente entregue conforme ás cláusulas do presente prego. O dito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo establecido pola lexislación de aplicación

26.2. - Se a Administración demorase o pagamento do prezo no prazo legalmente establecido, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do dito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e no art. 216.4 da TRLCSP.

Se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente no Rexistro Xeral.

26.3. - Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

26.4. - Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito meses.

26.5. -Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 da TRLCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 27.2 do presente prego.

27. PAGAMENTOS

27.1. - A forma de pagamento será un único pago que correspondera coa oferta presentada

polo empresario que resulte adxudicatario.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os custos que corresponden a subministración, instalación, transporte, embalaxe, montaxe, homologación técnica, etc. e todas as outras tarefas que inciden no proceso de instalación e entrega, así como todos os impostos de calquera esfera fiscal. En consecuencia o adxudicatario non poderá esixir o pagamento de ningunha cantidade por este concepto.

27.2. - Os contratistas que, conforme ao artigo anterior, teñan dereito de cobramento fronte á Administración, poderán cedelo conforme a dereito, notificando fidedignamente a esta o acordo de cesión e dacordo co estipulado no artigo 226 do TRLCSP.

28. PRÓRROGAS

O prazo de entrega dos bens obxecto deste contrato non poderá ser prorrogable.

29. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como de se-lo caso, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en demora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato. (artigo 212.4 TRLCSP)

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato que se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíuse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

30. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

30.1. - Sen prexuízo dos supostos previstos no TRLCSP de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato e prórroga do prazo de execución, o contrato só poderá modificarse salvo nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP

Nin o responsable do contrato nin o contratista poderán introducir ou ordenar modificacións no contrato que non estean debidamente autorizadas.

30.2. - Suspensión. - No caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ao estipulado no art. 220 da TRLCSP e normas de desenvolvemento. Se a Administración acordase a suspensión dos traballos, levantarase a correspondente Acta de Suspensión na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

31. PRAZO DE GARANTÍA DOS BENS OBXECTO DE ADQUISICIÓN.

O adxudicatario asumirá durante o prazo mínimo de 2 anos a reparación (pezas e man de obra) das posibles avarías e desperfectos que poidan producirse. Asimesmo, no caso de que ofertase un prazo de garantía superior ao mínimo establecido deberá tamén asumir durante ese tempo as reparacións que sexan precisas.

32. CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

• Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes deste contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 da TRLCSP.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente

• Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial deste contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e coas condicións que se establecen nos artigos 227 e 228 da TRLCSP. En todo caso, as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 50% do

importe de adxudicación.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e de acordo coas condicións establecidas no art. 228 do TRLCSP.

33. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.

33.1. - Cumprimento

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos e a satisfacción do Concello de Ames, a totalidade da prestación

O contratista está obrigado a cumprir cantos prazos contractuais sexan de aplicación.

33.2. - Resolución

Serán causas de resolución deste contrato as previstas nos artigos 223, 224 e 299 do TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 225 e 300.

34. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións por conveniencia do Servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, no seu caso, os posibles danos e perdas que se ocasionasen nos termos establecidos na lexislación vixente.

35. CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato e por estritas necesidades desta (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal).

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no presente prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, fitas, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberá cumprir co deber de segredo ou confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a súa execución, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo contractual (art. 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro). Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atopen en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estalo durante a súa vixencia. Para os efectos do cumprimento do recollido no inicio deste parágrafo, o contratista comprométese explicitamente a formar e a informar o seu persoal das obrigas que dimanan do establecido nestas normas.

36. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de execución de subministración ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da comunidade autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da dita xurisdición, logo de interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

